



Compostela
Cultura

de LUGARES e ÓRGANOS



músicas e outras
paisaxes de Compostela

do 13 ao 20 de abril 2025

de LUGARES e ÓRGANOS



Organiza: Concellaría de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica

Concepto e dirección artística: Belén Bermejo López

Asesoría musical, investigación e documentación: Andrés Díaz Pazos

Redacción: Andrés Díaz Pazos e Belén Bermejo López

Revisión lingüística: Elvira Ribeiro Tobío

Coordinación, imaxe e comunicación: Sirgo Torcendo

Maquetaxe: Cátia Leite

Producción técnica: Goyplasón S.L.

Asistencia á produción: Miraxe, S. Coop. Galega

Imprime: Gráficas Garabal S.L.



Comprácenos celebrar dez edicións do ciclo De Lugares e Órganos. Os órganos de Compostela brillarán de novo coa chegada da primavera, nesta singular proposta que xa é un referente dentro da oferta cultural da cidade. Un ano máis, poremos son ao rico legado histórico atesourado durante séculos na nosa cidade, contando para iso co mellor do noso talento artístico, unido a intérpretes de diferentes procedencias, que ofrecerán un variado e coidado programa de músicas especificamente pensadas para seren interpretadas nos órganos composteláns.

Percorreremos ademais a cidade, na procura da pegada que o oficio da organaría deixou en Compostela e gozaremos de espazos de música ao vivo, conversa e cinema.

Os órganos das igrexas da Universidade, San Paio, Santa Clara e, por vez primeira, un instrumento inédito nas programacións musicais compostelás, o órgano do convento do Carme, serán os protagonistas dunha nova edición deste xa veterano ciclo.

Convidámosvos, do 13 ao 20 de abril, a unirvos a nós para gozar desta travesía musical a través dos lugares, dos órganos e doutras paisaxes da nosa cidade, Compostela.

Goretti Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela




Vivimos tempos incertos, marcados pola tensión que provocan novos e constantes desafíos na orde social, cultural, política ou medioambiental e nos que non semella doado abrazar o entendemento desde a tolerancia e a razón. Máis que nunca urxe a reflexión para repensar a convivencia nun mundo en constante mudanza e cunha irrefreable tendencia á polarización. E neste contexto apelamos unha vez máis á arte e á música en toda a súa dimensión e significado para abrir un tempo que nos permita darlle a benvída ao que renace, detérmonos, observar, manter a ollada crítica e procurar na arte refuxio máis alá das diferenzas. Dez anos de encontro arredor dos lugares e dos órganos de Compostela non poden deixar, ao tempo, de ser motivo para a celebración. Unha vez máis emprendemos con emoción unha travesía pola nosa cidade coa arela de establecer vínculos cun pasado do que aprender e cun presente ao que confrontarse para tomar impulso, mais coa ollada sempre posta nun futuro esperanzado. Sete xornadas levarannos a través de lugares para unha memoria musical compartida arredor dos órganos e do seu legado, símbolos da nosa cidade, na procura dun novo momento de esplendor na contemporaneidade. E para festexar estes dez anos temos ademais a fortuna de contar cun novo convidado, o órgano do convento do Carme, un interesante instrumento histórico que se abre por vez primeira á cidadanía para poder escoitar a súa música en concerto.

Co desexo, pois, de continuar abrindo novos camiños a través da música, emprendemos esta décima edición.

Vémonos onda os órganos!

Belén Bermejo López
Directora artística de De Lugares e Órganos





> CONCERTO INAUGURAL

**“...CON MOITA INVENCIÓN E DIVERSIDADE”.
OUTRAS LINGUAXES E SONORIDADES DO
BARROCO**

Páx. 10

Domingo 13 de abril, 20.30 h, igrexa de San Paio de Antealtares

> O ÓRGANO SAE Á RÚA

**PROXECCIÓN NA SALA NUMAX: A PEGADA
DO ÓRGANO NO CINEMA. *L'ANNÉE DERNIÈRE À
MARIENBAD*, ALAIN RESNAIS, 1961**

Páx. 18

Luns 14 de abril, 19.30 h

> CONCERTO

**NASCE LA PENA MIA.
CONCERTO PARA O TEMPO DA PAIXÓN**

Páx. 12

Martes 15 de abril, 20.00 h, igrexa de Santa Clara

> O ÓRGANO SAE Á RÚA

**ENCONTRO CON ANNELIE GAHL, ESPAZO DE
MÚSICA AO VIVO E CONVERSA**

Páx. 20

Mércores 16 de abril, 19.00 h, VIDE,VIDE! ESPAZO ENOCULTURAL,
Fonte de Santo Antonio, 10



> OUTRAS PAISAXES, OUTROS TONS DA CIDADE

MEMORIA SILENTE: A TERCEIRA ORDE, LUGAR DE MEMORIA DA ORGANARÍA GALEGA

Páx. 21

Xoves 17 de abril, 11.00 h

Entrada do cemiterio da Confraría do Rosario, rúa de Bonaval, 9

Ás 13.00 h, concerto de Alejandra Escolante Mujico na igrexa da Terceira Orde

> CONCERTO

DE HARMONÍA AS ESFERAS. MÚSICA IBÉRICA ENTRE OS SÉCULOS XVI E XVIII

Páx. 14

Venres 18 de abril, 20.00 h, igrexa da Universidade

> CONCERTO DE CLAUSURA

GLOSAS DE OURO. LUZ E ESPLENDOR DO RENACEMENTO

Páx. 16

Domingo 20 de abril, 20.00 h, igrexa do convento do Carme

> ESPAZOS

IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Páx. 22

IGREXA DE SANTA CLARA

Páx. 24

IGREXA DA UNIVERSIDADE

Páx. 26

IGREXA DO CONVENTO DO CARME

Páx. 28



Retirada de entradas:

As entradas para actividades e concertos son de balde, mais cómpre retirar invitación no despacho de billetes da Zona C. Punto de Información Cultural, Preguntoiro, nº 1 (Praza de Cervantes) aberto de martes a sábado, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 h.
Teléfono 981 542 462.

De non se esgotaren, tamén se poderán recoller o propio día da actividade no lugar onde esta se celebre desde unha hora antes do seu comezo. As invitacións serán válidas ata 10 minutos antes do inicio da actividade. A partir dese momento, a organización resérvase o dereito a empregar as localidades non ocupadas.

A apertura de portas terá lugar aproximadamente media hora antes da hora de comezo dos concertos e actividades.

A asistencia á proxección na NUMAX ten un custo de 4€. Pódense mercar entradas anticipadas no despacho de billetes do cinema ou na web numax.org.

Pregamos contraste a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal.







CATRO QUINCE

MÚSICA

Igrexa de San Paio de Antealtares

Domingo 13 de abril, 20.30 h

“...CON MOITA INVENCIÓN E DIVERSIDADE”. OUTRAS LINGUAXES E SONORIDADES DO BARROCO

OBRAS DE ARAUJO, CASTELLO, UCCELLINI E FROBERGER, ENTRE OUTRAS

O grupo Catro Quince está integrado por tres coñecidos músicos galegos con diferentes traxectorias artísticas que converxen nun interese compartido pola música antiga e polos repertorios do Barroco temperán. O seu nome fai referencia a unha frecuencia de afinación, máis grave que a habitual nas orquestras modernas, que ofrece sonoridades menos potentes, pero máis cálidas, e que vén sendo empregada como patrón habitual na interpretación de música historicamente informada.

O programa fai un percorrido pola música de diferentes autores do século XVII e dá mostra do novo estilo que se instala na altura na composición musical, caracterizado polo afán de xerar emocións a través de

fortes contrastes no ritmo e nas dinámicas e de novas formas interpretativas. De aí o título que inspira o programa, extraído da recomendación que o teórico italiano A. Agazzari lles prescribía aos intérpretes de tocar “... *con moita invención e diversidade*”.

**Roberto Santamarina
Fernández**, violín barroco

Carlos García Amigo,
violonchelo barroco

**Alejandra Escolante
Mujico**, órgano e espineta





© Maria Frodl



ANNELIE GAHL & MVSICA.PLAGENSIS

MÚSICA

Igrexa de Santa Clara

Martes 15 de abril, 20.00 h

NASCE LA PENA MIA. CONCERTO PARA O TEMPO DA PAIXÓN

As *Sonatas do Rosario*, de Heinrich Ignaz Franz von Biber, son unha colección de 15 sonatas, compostas arredor de 1674 e escritas para violín e baixo continuo, máis unha peza final, a *Pasacaglia*. Trátase dunha das obras máis fascinantes do Barroco, inspirada nos Misterios do Rosario, unha devoción católica que contempla episodios clave da vida de Xesucristo e da Virxe María. Unha característica única destas sonatas é o uso da *scordatura*, unha técnica de afinación inusual para o violín, que lle permite crear timbres específicos cos que reflectir os sentimentos e outros matices dos diferentes misterios que representa. Esta técnica fai que as sonatas sexan excepcionalmente difíciles de interpretar, xa que a executante debe adaptarse constantemente a novas dixitacións, de aí a espectacularidade da obra. Annelie Gahl é unha violinista que ten gañado un gran recoñecemento internacional grazas ás súas gravacións para violín solo, que com-

binan repertorios clásicos e barrocos con pezas contemporáneas. Ademais, é colaboradora habitual da Camerata Salzburg e do Concentus Musicus Wien, no que traballou durante anos baixo a dirección de Nikolaus Harnoncourt.

A interpretación das pezas estará acompañada do recitado do actor galego Luís Iglesia, quen declamará poemas do ciclo da *Vida de María* do poeta Rilke.

Annelie Gahl, violín

MVSICA.PLAGENSIS

Hans Brüderl, arqui-laúde

Peter Trefflinger, violonchelo barroco

Ewald Donhoffer, órgano

Luís Iglesia, recitado



© Manu Cabrera



RAMÓN PÉREZ-SINDÍN BLANCO

MÚSICA

Igrexa da Universidade
Venres 18 de abril, 20.00 h

DE HARMONÍA AS ESFERAS. MÚSICA IBÉRICA ENTRE OS SÉCULOS XVI E XVIII

OBRAS DE RODRIGUES COELHO, AGUILERA DE HEREDIA, ESCARLATTI
OU CABEZÓN, ENTRE OUTRAS

Logo de pasar por prestixiosos centros de formación europeos e de especializarse na interpretación de teclados históricos, este músico galego vén desenvolvendo unha intensa carreira concertística como solista, como membro de grupos de cámara ou en colaboración con orquestras sinfónicas, coas que ten participado en importantes festivais e salas de concertos.

O programa proposto trata de render homenaxe a algúns dos máis insignes monumentos da música para tecla ibérica de entre os séculos XVI e XVIII a través dunha variada selección de pezas, entre o humano e o divino, que van do Renacemento tardío ata o clasicismo temperán. Interpretaranse obras

dos máis destacados compositores portugueses e hispánicos deste período, compositores que estaban á altura do que os seus colegas estaban a producir nese mesmo momento histórico noutros ámbitos artísticos, como a literatura ou a pintura.

O programa será interpretado en diferentes instrumentos de tecla antigos, un clavicémbalo copia dun instrumento de Ioannes Ruckers, de 1616, e o magnífico órgano da igrexa da Universidade de Santiago, obra de Manuel Sanz, de 1802.

Ramón Pérez-Sindín Blanco, clave e órgano





© Jean-Eudes Bazin



© Sonia Brito



ENSEMBLE BARBAROCO & MARCO ORSINI-BRESCIA

MÚSICA

Igrexa do convento do Carme

Domingo 20 de abril, 20.00 h

GLOSAS DE OURO. LUZ E ESPLENDOR DO RENACEMENTO

Para poñer punto final á edición 2025, que conmemora dez anos de música arredor dos lugares e dos órganos de Compostela, o consorte francés de violas de gamba Barbaroco xunto ao organista ítalo-brasileiro afinado en Galicia, Marco Orsini-Brescia, propoñen un programa integrado polas músicas máis representativas do Renacemento musical que comeza a tomar forma a finais do século XV na Península Ibérica. Na conformación deste período influirán decisivamente varios acontecementos: a reunificación dos reinos de Castela e Aragón e as súas posesións en Italia (os reinos de Nápoles e Sicilia), a toma de Granada e a chegada aos territorios alén mar. O florecemento artístico que foi parello a estes episodios deu lugar a un amplo campo para a creación musical e a compilación de repertorios, for en cancioneros manuscritos, for en luxosas edicións, grazas á imprenta musical acabada de inventar. Precisamente, desta época son os cancioneros de polifonía pro-

fana española, o *Cancionero de Palacio* ou o *Cancionero de Medinaceli*, dos que se escoitarán diversas pezas no programa. Ademais, gozaremos de fermosísimas músicas recollidas no libro *Obras de música para tede, arpa y vihuela*, de Antonio de Cabezón publicado en 1578, organista que foi ao servizo de Carlos I e Felipe II, canda obras do violagambista e compositor Diego Ortiz, publicadas no famoso *Tratado de glosas*, en 1553.

Ensemble Barbaroco

Eliaz Herculín, viola soprano e dirección

Claire Gravelines, viola tenor

Hyérine Lassalle, viola baixo

Lukas Schneider, viola baixo

Ilan Herculín, percusión

Marco Orsini-Brescia, órgano



O ÓRGANO SAE Á RÚA

MÁIS QUE MÚSICA

Para aquelas persoas que queiran afondar nos contidos da programación, coñecer de preto os artistas, catar un pouco daquilo que imos ver e escoitar e acadar outras perspectivas desde as que poder contemplar os lugares e os instrumentos, o órgano sae novamente á rúa con pequenas iniciativas e encontros para

o gozo de momentos inesquecibles, nun ambiente distendido e en comunidade, ao longo da cidade de Compostela.

Anílmaste a saír á rúa cos órganos?
Agardámoste!

A PEGADA DO ÓRGANO NO CINEMA. PROXECCIÓN NA SALA NUMAX: L'ANNÉE DERNIÈRE À MARIENBAD, ALAIN RESNAIS 1961

Luns 14 de abril, NUMAX, 19.30 h

De Lugares e Órganos ten unha nova cita co cinema na sala NUMAX. O órgano, como instrumento musical, deixou unha pegada no cinema moito máis fonda do que a simple vista se poida pensar. Ao longo destes anos foron xa varios os filmes que pasaron pola nosa programación cunha estreita conexión co mundo dos órganos en todas as facetas posibles. Un ano máis, pois, o órgano sae á rúa para ir ao cine. A película escollida desta volta, *O ano pasado en Marienbad*, de Alain Resnais, ten a singularidade de que a súa banda sonora foi composta para órgano por Francis Seyrig, e é precisamente a música un dos elementos que máis intensifica a sensación de

ambigüidade e entresoño que caracteriza a cinta. A intérprete da música, Marie-Louise Girard, e o órgano no que esta foi gravada, o órgano do Oratoire du Louvre en París, contribúen a realzar a relevancia que o instrumento acada no conxunto dun filme cun elevadísimo interese cinematográfico.

Idioma: Francés

Subtítulos en galego

Duración: 93 min

A proxección irá acompañada dunha pequena conversa para contextualizar a proxección e achegar as claves que permitan entender a conexión do filme co mundo do órgano.






ENCONTRO CON ANNELIE GAHL, MÚSICA AO VIVO E CONVERSA

Mércores 16 de abril, 19.00 h,
VIDE,VIDE! espazo encocultural

Este emblemático establecemento da cidade, VIDE,VIDE!, acolle, un ano máis, un pequeno espazo para a conversa, neste caso arredor da violinista Annelie Gahl, profesora do Mozarteum de Salzburgo e colaboradora habitual do Concentus Musicus Wien, o afamado grupo fundado e dirixido polo lendario Nikolaus Harnoncourt. Con ela conversaremos sobre a súa experiencia persoal como destacada intérprete na capital austríaca e docente na cidade de Salzburgo e volveremos sobre o repertorio interpretado a tarde anterior para afondar no significado musical das *Sonatas do Rosario*, de Heinrich Ignaz Biber, e as técnicas empregadas na súa execución, a *scordatura*, todo un reto para a intérprete.

Para as persoas que escoitan será toda unha experiencia sonora e visual coñecer a técnica que permite obter diferentes sonoridades e dar forma ás distintas texturas e atmosferas que acompañan os diversos estados de ánimo que a música trata de reflectir.



Source: gallica.bnf.fr / Bibliothèque



MEMORIA SILENTE: A TERCEIRA ORDE, LUGAR DE MEMORIA DA ORGANARÍA GALEGA

OUTRAS PAISAXES, OUTROSTONS DA CIDADE

O percorrido levaranos, na mañá do xoves, do camposanto da Confraría do Rosario até a Terceira Orde, onde foron soterradas grandes figuras da organaría galega.

Nun dos momentos de máximo esplendor da organaría ibérica, a comezos do século XVIII, instálase en Compostela Eugenio González de Cáceres, un organeiro que dará inicio a unha importante e longa saga familiar. Pai, fillos e neto serán organeiros na Catedral ao longo dun século e, ademais, realizarán encargos por toda Galicia. Situados na elite da pequena burguesía da cidade, serán membros da Terceira Orde e, en calidade de tales, tres deles serán soterrados na súa igrexa. O mesmo sucederá máis adiante, xa na segunda metade do século XIX, co que foi o último dos organeiros da Catedral, Mariano Tafall. Mais, por mor dun recente descubrimento que será revelado durante a propia andaina, iniciaremos a xornada no cemiterio da Confraría do Rosario, ao

carón do convento de San Domingos de Bonaval. O percorrido rematará cun pequeno recital a cargo de Alejandra Escolante (espineta), que interpretará pezas que ambientarán musicalmente a época na que se desenvolveu o traballo destes artesáns.

Data e hora: xoves 17 de abril, 11.00 h

Lugar de encontro: entrada do cemiterio da Confraría do Rosario, rúa de Bonaval, 9

Para asistir á ruta é preciso retirar invitación.

Ás 13.00 h concerto na igrexa da Terceira Orde.

O concerto é de entrada libre até completar capacidade da igrexa.



IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Coa reorganización das ordes monacais en Galicia, a comezos do século XVI, as monxas beneditinas pasarán a ocupar o mosteiro de Antealtares e, moi axiña, construírán un órgano, en 1537, feito por Pedro Vélez, un organeiro activo daquela en Galicia, en particular en Santiago. Xa no século XVII, no ano 1625, o daquela organeiro da Catedral, Gaspar de Alaraz y Estrada, traballará tamén para o mosteiro, non sabemos se facendo unha profunda remodelación do instrumento xa existente ou un novo. Este órgano debeu durar ata fins do século XVIII, que é cando o organeiro compostelán Alberto de la Peña constrúe o magnífico instrumento que hoxe podemos ver e escoitar. En efecto, entre 1782 e 1784 construíu De la Peña este órgano, un dos máis importantes que se conservan en Galicia no seu estado orixinal. Tivo unha primeira restauración en 1974 a cargo do obradoiro de organaría de Gerhard Grenzing, que daquela escribiu que se trataba dunha “peza mestra e unha representación exemplar da arte dos organeiros españois”.

O instrumento ten dous teclados de 51 teclas, partidos e con oitava tendida. O primeiro teclado controla o chamado órgano maior;

aquel composto polos canos da fachada e outros máis dentro da caixa, pero na súa parte frontal. Pola contra, o segundo teclado controla a chamada *cadereta* interior, que é como un pequeno órgano independente, con todos os canos dentro da caixa situados cara á parte de atrás. O son deste segundo teclado é máis feble e afastado que o do primeiro, o que lle permite ao instrumentista introducir cambios de intensidade na súa interpretación, e tamén mudar os timbres, pois cada teclado dispón de diferentes rexistros. O número total de rexistros é, no órgano maior, de 13 na man esquerda e 15 na dereita e, na *cadereta*, de 7 na man esquerda e 8 na dereita. Ten, ademais, 10 contras ou canos de sonoridade grave que se poden accionar cos pés.

Para Compostela en particular, e para Galicia en xeral, este instrumento representa un dos cumes da arte da organaría no momento de máximo esplendor do chamado órgano barroco ibérico. É, por tanto, unha das pezas máis importantes, en termos absolutos, do noso patrimonio histórico, construída ademais por un organeiro formado en Compostela, daquela un dos principais focos da organaría peninsular.





IGREXA DE SANTA CLARA

Como no caso dos seus irmáns franciscanos, tamén as clarisas consideraban o órgano unha peza fundamental dentro do mobiliario litúrxico das súas igrexas, como parte consubstancial e insubstituíble dos oficios. E o convento de Santa Clara de Compostela, dende logo, non foi unha excepción á regra. Sabemos que no ano 1565 o organeiro de orixe viguesa, Pedro Martínez de Montenegro, fixo un órgano para o mosteiro *“que ha de tener cinco registros (...) y haber muchas y buenas mudanzas con sus ruyseñores segun y de la manera que estan fechos los horganos de la iglesia de santa maria la nueva”*. Un órgano de concepción renacentista que, con moita probabilidade, substituíu un anterior: De xeito colateral, infórmanos de que, a mediados do século XVI, había en Santiago un órgano na igrexa do desaparecido convento de Santa María a Nova, que estaba en Mazarelos.

Máis adiante, o órgano de Montenegro será substituído por outro debido a un organeiro de orixe portuguesa, pero que se asenta e traballa en Santiago: Baltasar Machado. Construído en 1668, este instrumento terá unha vida moi efémera, pois coa reedificación da igrexa a fins do século XVII, o organeiro da catedral de Santiago, Manuel de la Viña, construírá en 1709 o instrumento que hoxe podemos admirar. Da importancia que lle daban

as monxas clarisas ao uso do órgano nas súas celebracións litúrxicas dá boa proba o feito de que durante as obras, cando se debeu retirar o órgano de Baltasar Machado, Juan Galindo, arpista da Catedral e tamén organeiro, emprestáralle un pequeno órgano positivo ao mosteiro.

Polo demais, o interesante instrumento que agora acolle o mosteiro ten gran parte da tubaxe orixinal de De la Viña, a pesar das intervencións sufridas en 1750 e 1865, esta última a cargo do organeiro compostelán Ramón Cardama, autor do órgano da capela de Ánimas. Dáse o caso curioso de que Cardama foi o pai dunha das organistas do convento sobre a que temos noticia: sor M^a de la Asunción Cardama, que profesou no ano 1885 e é recordada como unha hábil organista e pianista. O órgano tamén tivo a intervención do franciscano frei Manuel Fernández entre 1930 e 1932, que alterou severamente a súa disposición orixinal. Porén, a recente restauración feita no ano 2004 pola casa inglesa Goetze&Gwynn devolveuno, felizmente, ao seu estado orixinal, ao tempo que conserva aquelas adicións posteriores que respectaron a súa esencia de órgano barroco ibérico. Así, o órgano de Santa Clara é un dos máis antigos de Galicia, plenamente operativo, que podemos escoitar hoxe en día.





IGREXA DA UNIVERSIDADE

A presenza do órgano na igrexa da Universidade hai que trazala a partir da translación dos racioneiros da confraría do Sancti Spiritus ao templo a consecuencia da expulsión dos xesuítas en 1767. Esta expulsión motivou a distribución dos seus bens mobles e inmobles entre diferentes institucións da cidade e que esta igrexa pasase a ser atendida polos anteditos racioneiros. Estes tiñan un papel destacado en diversas liturxias catedralicias, entre as que podemos citar o canto da Salve á tarde, “diante da imaxe da Virxe preñada”, é dicir, a Virxe do O, daquela situada no antigo trascoro. Por este motivo, unha das calidades que tiñan que reunir era a de posuíren unha boa voz para participar co canto nestas liturxias que, de xeito ordinario, eran acompañadas polo órgano. Coa ocupación da igrexa polos racioneiros, hai constancia documental do uso dun órgano positivo (un pequeno órgano portátil de 3 ou 4 rexistros), o cal parece indicar que os xesuítas non a dotaran dun instrumento. Ao mesmo tempo, contábase co servizo dun organista estable.

Con posterioridade, sobre o ano 1800, decídese construír un órgano de maior porte. O artífice elixido será o organeiro de orixe madrileña Manuel Sanz, que se formara como oficial no obradoiro do extraordinario organeiro real Pedro Liborna Echevarría. Sanz xa traballara en Galicia, entre 1773 e 1778, na ampliación dos órganos da Catedral e, desde este último ano ata 1780, na construción dos órganos de Iria Flavia e da igrexa de

Santiago de Padrón. A obra durou de novembro de 1800 ata abril de 1802 e tivo un custo total de 49.572 reais e 2 marabedís. Era esta unha suma elevada que viña supor, aproximadamente, o total das importantes rendas anuais que tiñan os racioneiros do Sancti Spiritus e, desde logo, moito máis do que lle dedicaban ás obras e mantemento da igrexa e aos salarios dos seus empregados. Como detalles anecdóticos, diremos que o estaño da aliaxe dos tubos constituía un 10% aproximadamente do custo total da obra (4.250 reais), da mesma orde que o custo da caixa (4.730 reais, incluída a madeira), debida ao artesan local Agustín Trasmonte. O tamén artista local, Manuel do Porto, pintará a caixa por un total de 2.000 reais.

O órgano, cara ao ano 1850, atopábase xa algo deteriorado, como se pode constatar por un informe do organeiro da catedral, Pedro Méndez de Mernies, no que destaca a calidade do instrumento e cifra o seu arranxo e posta a punto en 1.000 reais. Coa desamortización e o paso da igrexa á Universidade é probable que, tanto o seu uso como os coidados necesarios para manter un instrumento destas características, decaesen. De feito, a fins do século pasado o órgano estaba inutilizado. A feliz intervención, en 1998, do obradoiro de organaría de Gerhard Grenzing, baixo o soporte económico da Fundación Pedro Barrié de la Maza, con motivo do V Centenario da USC, permitiu recuperar esta alfaia da organaría histórica galega.





IGREXA DO CARME

O convento de clausura das Carmelitas Descalzas é un dos máis tardíos dos construídos na cidade de Santiago. Data do ano 1758, e foi fundado por María Antonia de Xesús, nada en Curtis en 1700 e membro dunha rama menor da nobreza galega (o seu nome no mundo era María Antonia de Pereira y Andrade). María Antonia, que chegou a casar e ter dous fillos, aprenderá a ler e escribir de xeito autodidacta aos 28 anos. O manuscrito da súa autobiografía describe unha vida e evolución espiritual imposibles de condensar en poucas liñas, ao final das que cumprirá a súa principal arela: profesar e fundar un mosteiro de carmelitas en Galicia. Morre en Compostela, neste mesmo mosteiro, pouco despois da fundación, en 1760.


O órgano do convento foi construído no ano 1868 polo organeiro natural de Palencia José Otores. Otores era, xa daquela, un organeiro cunha sólida traxectoria desde que entrara como aprendiz a traballar co anterior organeiro da catedral palentina, Leandro Garcimartín. Nesa catedral ocupará o cargo de organeiro desde 1838, cargo que continuaba a ocupar cando constrúe este órgano, como se pode ler na inscrición que se atopa no seu interior: *Hizo este órgano José Otores Maestro Organero de la Sta Iglesia Catedral de Palencia en el año del Señor de 1868*. O órgano é un instrumento adaptado

para o uso dun coro conventual e, polo tanto, de proporcións modestas. Ten un teclado de 56 notas partido, como era habitual aínda nesa altura, con 8 rexistros en cada man, para poder usar timbres diferentes na parte aguda e na parte grave.

Este órgano de José Otores é o único que, ata onde sabemos, construíu en Galicia. Porén, o seu fillo Juan Otores, que herdaría o posto do pai na catedral de Palencia, construíu en 1883 un órgano para a igrexa parroquial de Verín. Este instrumento, froito da munificencia de José García Barbón, que era natural desa vila, desapareceu infelizmente no ano 2000. Tamén foi comisionado para reconstruír o órgano do convento do Carme de Padrón en 1888. Cómpre destacar que, desde séculos atrás, había unha especial conexión entre Galicia e os mestres organeiros da catedral de Palencia. Por exemplo, outro organeiro desa catedral, José de Arteaga, será o encargado de edificar os órganos barrocos da catedral de Lugo no ano 1703. Juan Francisco de Toledo, que ocupará o mesmo posto que Arteaga unhas décadas despois, fará unha fonda reforma dos órganos da catedral de Tui entre 1754 e 1755. Precisamente un organeiro galego natural de Tui, Antonio Rodríguez de Carbajal, será pola súa vez organeiro en Palencia entre 1725 e 1745.







de LUGARES e ÓRGANOS



Agradecementos

- _Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares
- _Comunidade de clarisas do convento de Santa Clara
- _Comunidade de Carmelitas Contemplativos de Santiago de Compostela
- _Consello Local da Orde Franciscana Regular
- _Real e Ilustre Confraría Numeraria do Rosario de Santiago de Compostela
- _Xan GómezViñas, socio traballador de NUMAX
- _Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto





COLABORAN



**VIDE,
VIDE!**

ESPACIO ENOCULTURAL
VIDEVIDE.NET

NUMAX

foro/cultural de austria^{mad}

